

TEMA SOBRE ÉTICA

1. DIFERENCIA ENTRE ÉTICA E MORAL

O concepto de **“moral”** provén do latín *mores – moralis* (costume ou hábito). **Etimoloxicamente defínese coma disciplina que estuda as costumes ou os hábitos humanos**, pero haina que distinguir doutras materias co mesmo obxectivo de estudo (como a antropoloxía cultural ou a etnoloxía). A moral estuda ditas **costumes** na medida na que **éstas convírtense en normas** que establecen que comportamentos son correctos.

A palabra **ética** provén do grego *ethos* (carácter ou comportamento), polo que **etimoloxicamente defínese como a disciplina filosófica que estuda o carácter ou comportamento humano**. É dicir, en ambos casos e atendendo a súa etimoloxía, son sinónimos, a única diferenza está na procedencia latina ou grega dos termos, de ahí que ética e moral sexan usadas indistintamente na linguaxe cotiá. Pero en filosofía temos que ser máis rigurosos coa linguaxe, de xeito que para nós establecece unha clara diferenza entre ambos conceptos:

A moral é o conxunto de normas, valores e crenzas polas que se rexe a conduta dunha persoa ou dun colectivo, establecendo o que está ben ou mal. Establece, polo tanto, un código de condutas correctas para un determinado grupo social. A **moral é un fenómeno cultural**, vai ligada a unha sociedade e a unha determinada maneira de ver e entender o mundo; non existe nin se coñece que existise algunha cultura que carecese de códigos morais. A moral é unha disciplina de carácter normativo xa que os códigos morais son unha recopilación de normas que se observan (que segue ou deben seguir) unha sociedade determinada. Por exemplo: a moral cristiá, a moral xudea, a moral islámica, etc.

Sen embargo, a **ética é unha reflexión racional sobre os criterios que se emplean para fundamentar os códigos morais**. Así, trátase dunha materia normativa: non describe como se comportan as persoas senón como débense comportar.

Podemos falar de distintas teorías éticas, pero a **ética non é un fenómeno cultural** senón que **é o produto da reflexión racional** cuxo obxecto de estudo é a moral. A ética tamén trata de xuízos e códigos relacionados co que está ben ou mal pero non fai unha descrición das condutas de unha determinada sociedade senón que **reflexiona sobre o mesmo fenómeno da moral e o fundamento sobre o cal se constrúen unhas normas e valores determinados**.

Nos seguintes enlace podedes ver uns videos explicativos sobre a diferenzas entre ética e moral e que complementan ao lido nos apuntes.

https://www.youtube.com/watch?v=yRASkm_pMtU

https://www.youtube.com/watch?v=Ym_TJwKFR0s